

# REGULAMENTO DE CREACIÓN DE EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA (EBT) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Aprobado polo Consello de Goberno o 31 de xaneiro de 2017)

## PREÁMBULO

Denomínanse Empresas de Base Tecnolóxica (EBT) aquelas que basean a súa actividade nas aplicacións de novos descubrimentos científicos ou tecnolóxicos para a xeración de novos produtos, procesos ou servizos. A importancia destas empresas, coñecidas nos países anglosaxóns como *spin-offs*, fixo que as universidades e outras institucións públicas de investigación lles dediquen unha crecente atención por ser auténticos motores na transferencia de coñecemento, dado que potencian o tecido tecnolóxico e o desenvolvemento económico, favorecen a creación de emprego de alta cualificación, achegan un alto valor engadido á contorna industrial e favorecen a inserción das mozas e mozos no mundo laboral.

A Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, (LOMLOU), sinala na súa Exposición de Motivos (VII) o seguinte: “contéplanse distintos tipos de estruturas, incluída a creación de empresas de base tecnolóxica, para difundir e explotar os seus resultados na sociedade”. A redacción vixente afectou ao título VII (Art. 39 a 41) “Da investigación na Universidade”, que pasa a chamarse “Da investigación na Universidade e da transferencia do coñecemento”, subliñando o cambio de mentalidade que se espera da Universidade en materia de investigación.

En particular, a LOU refírese “á xestión eficaz da transferencia do coñecemento e a tecnoloxía”, e por primeira vez cualifica esta función da Universidade como prestación dun servizo social.

## ARTIGO 1.- OBXECTO

A presente normativa ten por obxecto regular a actividade da Universidade de Santiago de Compostela en materia de creación de EBT. En concreto, regúlanse os procedementos, medios e instrumentos que facilitan a prestación deste servizo social por parte da USC. Dítase a presente normativa de Empresas de Base Tecnolóxica con fin de:

- Facilitar a transferencia de resultados da investigación a través do impulso e incentivación da creación de empresas *spin-off* universitarias,
- promover a viabilidade e supervivencia das EBT creadas,
- regular a participación do persoal pertencente á Comunidade Universitaria nas EBT,
- regular as condicións de acceso por parte das EBT ás instalacións e servizos da USC.

## ARTIGO 2.- DEFINICIÓNS

1. **Persoal Docente e Investigador (PDI):** Para os efectos deste regulamento, terán a consideración de Persoal Docente e Investigador o persoal funcionario dos corpos docentes universitarios, así como o persoal docente contratado, e investigador contratado conforme ao previsto na Lei 14/2011 de 1 de xuño da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (LCTI).
2. **Comunidade Universitaria da USC:** Está composta polo PDI, o Persoal de Administración e Servizos (PAS) e o estudiantado da USC. Para os efectos deste regulamento tamén terán condición de persoal da Comunidade Universitaria da USC as persoas egresadas que obtivesen a súa titulación nos tres anos previos á presentación da súa idea empresarial á USC.
3. **Empresas de Base Tecnolóxica (EBT) da USC:** Aquelas empresas coas seguintes características:
  - a) Que teñan a súa orixe na actividade investigadora da USC, entendida como a realizada utilizando a súa infraestrutura e medios, desenvolvida polo PDI como consecuencia do desempeño das funcións que lles son propias.
  - b) Que participe na súa promoción e creación PDI da USC, con posible implicación de terceiros.
  - c) Que a USC participe no seu capital social e se establezan contraprestacións polo coñecemento transferido á empresa.
  - d) Que teña sido acreditada como tal polos seus órganos conforme ao presente regulamento e ás condicións que fixe a lexislación vixente.
4. **Start Up USC:** Empresa formada por unha ou máis persoas da comunidade universitaria da USC que presenta un marcado carácter innovador.

## ARTIGO 3.- COMPETENCIAS EN MATERIA DE CREACIÓN DE EBT

**3.1** A unidade administrativa, dependente da Vicerreitoría, con competencias en creación de EBT e emprendemento será a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE). A AVTE prestará apoio e asesoramento dende o momento de recibir a proposta de creación de EBT ata a constitución da mesma, incluíndo a emisión dos informes correspondentes de acordo ca normativa aplicable. En caso das empresas participadas, correspóndelle á AVTE velar polo cumprimento das normas establecidas no presente regulamento.

**3.2** Para o apoio na toma de decisións nesta materia contarase coa Comisión de Transferencia, establecida no *Regulamento de protección, explotación e participación de resultados de investigación xerados na USC*.

**3.3** Corresponderá ao vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de creación de EBT as decisións derivadas da aplicación do presente regulamento, sen prexuízo das competencias doutros órganos universitarios.

## ARTIGO 4.- PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DE EBT

### 1. Proposta de creación de EBT

As emprendedoras e os emprendedores universitarios realizarán a proposta de creación da EBT, segundo o modelo facilitado pola AVTE. No devandito documento recolleranse as características do equipo promotor e dos resultados de investigación que se vaian explotar, e identificarase ás súas autoras ou autores. A USC, de oficio e por cuestións estratéxicas, poderá promover a creación de EBT cos seus resultados de investigación.

A AVTE asesorará e colaborará, de ser necesario, co equipo promotor na configuración da proposta.

### 2. Informe preliminar

2.1 A proposta de creación de EBT será avaliada pola AVTE, que poderá contar coa colaboración das persoas responsables dos resultados de investigación que se queiran explotar. A devandita avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- a) O equipo promotor e a súa relación coa USC, abarcando cuestións legais que poidan afectar á participación dos promotores e/ou promotoras na nova empresa. En caso de ser necesario, a USC colaborará co equipo promotor para definir a súa propia configuración.
- b) A compatibilidade do proxecto empresarial coa política de creación de EBT da USC.
- c) Interese da USC na promoción e apoio do proxecto empresarial.
- d) Viabilidade da iniciativa empresarial ou da empresa.
- e) Colaboracións entre a futura EBT e a USC.

2.2 Realizada a avaliación previa, a AVTE emitirá Informe Preliminar no que se recomendará admitir ou non o proxecto de creación da EBT e a vía futura de asesoramento en función das características do proxecto.

Para a emisión deste informe poderase requirir das persoas solicitantes a ampliación da documentación presentada e a aclaración daqueles extremos da mesma que considere insuficientemente desenvolvidos. Poderá, así mesmo, realizar calquera outra actuación que lle permita razoar a súa decisión, incluíndo a entrevista coas persoas do equipo propoñente.

2.3. Se a avaliación da proposta é positiva, o informe conterá un *Compromiso de Asesoramento e Titorización* que deberá ser asinado polo persoal do equipo propoñente.

### 3. Asesoramento

3.1. Asinado o *Compromiso de Asesoramento e Titorización*, o equipo promotor, co asesoramento e colaboración da AVTE, elaborará o Plan de Empresa para a adecuada explotación do coñecemento transferido.

3.2. A AVTE, pola súa banda, elaborará ou informará todos ou algún dos seguintes documentos:

- a) Estatutos da nova entidade empresarial.
- b) Pacto de Socios e/ou Socias.
- c) Contrato de Transferencia de Tecnoloxía.
- d) Calquera outro acordo entre a EBT e a USC que poida ser preciso para o adecuado desenvolvemento do proxecto empresarial incluído o Plan de Empresa.

3.3 Dende o momento en que se recibe a proposta de creación da EBT, así como en todo o proceso de avaliación, asesoramento e constitución da empresa, o persoal técnico da AVTE, o equipo promotor así como terceiras persoas que teñan acceso á información do proxecto, estarán obrigadas a non divulgar o seu contido nin os segredos industriais e obxecto da propiedade intelectual dos que teñan coñecemento por razón da súa pertenza á USC ou ás súas entidades dependentes.

### 4. Informe de Viabilidade e valoración da *Comisión de Transferencia*.

A AVTE elaborará un Informe de Viabilidade que, con carácter previo á aprobación da EBT polos Órganos de Goberno correspondentes, remitirá para a súa valoración tanto á Comisión de Transferencia, como a Sociedade Xestora de Intereses da USC (UNIXEST) ou, no seu caso, a calquera outra entidade con encomenda de participación maioritaria no capital social das EBTs creadas no ámbito deste regulamento. As correspondentes valoracións serán remitidas aos órganos competentes como parte da correspondente proposta.

### 5. Aprobación da EBT.

5.1. A proposta definitiva será remitida con toda a documentación á vicerreitoría competente, que o elevará para a súa aprobación ao Consello de Goberno da USC, co informe do Servizo de Asesoría Xurídica.

5.2. O Consello de Goberno someterá a aprobación:

- a) A proposta de creación da empresa, a proposta de achegas da USC e a proposta de participación da USC no capital social.

- b) As condicións da transferencia e calquera outro acordo entre a empresa e a USC, condicionado á aprobación da empresa polo Consello Social.

5.3. Aprobado o proxecto polo Consello de Goberno, o Consello Social deberá pronunciarse sobre os seguintes aspectos:

- a) Emisión do Informe ao que fai referencia a Disposición Adicional 24 LOU. Para estes efectos o Consello Social poderá delegar esta competencia nunha comisión do propio Consello Social ou da USC na que este órgano estea debidamente representado.
- b) Aprobar definitivamente a creación da empresa.
- c) Acordar a participación da USC no capital social.

Se a decisión é favorable, poderase proceder á constitución da EBT.

5.4. A aprobación da constitución da EBT, cando teña participación de persoas vinculadas laboralmente coa USC, será remitido ao Servizo de Xestión de Persoal para que se dite a correspondente resolución de compatibilidade, si procede. Calquera modificación das condicións aprobadas ou relación xurídica coa USC ou coa EBT do persoal universitario requirirá nova solicitude de compatibilidade ante o Reitor ou Reitora.

## ARTIGO 5.- DEBERES DA EBT

Son deberes das EBT creadas na USC

1. Cumprir os requisitos esixidos pola lexislación civil, mercantil, laboral e fiscal vixentes, así como os convenios, contratos ou acordos asinados entre a USC e a EBT ou as persoas propoñentes do proxecto empresarial.
2. Presentar anualmente unha memoria ou informe sobre o cumprimento dos fins para os que se creou a entidade, así como remitir anualmente as contas anuais e un informe da xestión desenvolvida.
3. Comunicar calquera cambio societario relevante e calquera modificación estatutaria ou por acordos extraestatutarios.
4. Permitir á USC a realización de auditorías externas, económicas, tecnolóxicas e de toda índole, cando se estime pertinente, co fin de determinar a súa situación financeira e tecnolóxica.
5. Manter a cualificación de EBT da USC recollida no presente regulamento e facer un uso correcto do coñecemento da USC utilizado pola EBT. Calquera cambio no obxecto social da empresa e no uso do coñecemento da USC non recollido no Contrato de Transferencia deberá ser comunicado á USC.

6. Manter a obriga a non divulgar os segredos industriais e obxecto da propiedade intelectual dos que teñan coñecemento por razón da súa pertenza á USC ou ás súas entidades dependentes.
7. Facer un uso correcto da imaxe corporativa, signos distintivos e marcas da USC.

## ARTIGO 6.- MECANISMOS DE PARTICIPACIÓN E REPRESENTACIÓN DA USC

1. A USC poderá contribuír ás actividades das EBT mediante algunha ou algunhas das modalidades seguintes:
  - a) Participando directamente no capital social da EBT a través de achegas de calquera natureza, directamente ou a través de UNIXEST ou doutras entidades nas que a USC posúa unha participación maioritaria e que se dediquen a estes fins.
  - b) Cedendo ou licenciando patentes ou calquera outro título de propiedade industrial ou intelectual que permita a explotación, mediante remuneración, dos dereitos patrimoniais da USC.
  - c) Autorizando a utilización dos servizos universitarios, de conformidade coas normas que os rexan, así como dos servizos universitarios de apoio das empresas que se creen.
  - d) Mediante a achega de bens, dereitos ou servizos en especie, previamente valorados, de acordo co que estableza o Consello Social. As achegas ao capital social dunha EBT realizadas por persoal vinculado á Universidade non se considerarán en ningún caso achegas universitarias.
2. A participación no capital social determinará o nomeamento e presenza de representantes, da USC ou de UNIXEST, nos órganos da empresa que correspondan. As variacións no capital social por compra ou venda de accións na parte que lle corresponde á USC deberán ser aprobadas polo Consello Social. O resto das modificacións dos socios deberán ser comunicadas tamén a este órgano.
3. No caso no que a USC sexa maioritaria no capital da empresa deberá aprobar as contas anuais das EBT nos mesmos prazos e procedementos que a USC, conforme ao artigo 84 da LOU. Ademais deberá cumprir a normativa contable sobre consolidación de contas.
4. A participación da USC nas EBT creadas considérase temporal, debéndose garantir as vías de saída da USC da EBT. A AVTE informará periodicamente á Vicerreitoría competente do estado da participación da USC nas EBT e recomendará razoadamente, de selo caso, a venda total ou parcial de dita participación.

## ARTIGO 7.- PARTICIPACIÓN DO PERSOAL UNIVERSITARIO

1. O PDI poderá promover e participar nas empresas obxecto do presente Regulamento e obter a Compatibilidade para ser socio e/ou traballar nelas, nas condicións que a lei estableza. Se a proposta é realizada por un o unha investigadora con vinculación non permanente, deberá ser informada por un departamento ou un instituto universitario. No caso de persoal de Grupos de Investigación sen vinculación contractual coa USC ou persoal investigador en formación, a participación na EBT deberá contar co informe favorable da persoa responsable do Grupo de Investigación ou do investigador ou investigadora coa que colabore. En todo caso, informarase da participación do PDI nunha EBT ao departamento, instituto ou centro de investigación ao que estea adscrito.
2. O persoal de administración e servizos (PAS) poderá participar nestas empresas e obter compatibilidade para ser socio e/ou traballar nelas sempre que o seu réxime xurídico llo permita. Así mesmo, poderá solicitar pasar a outra situación administrativa conforme ao que se estableza na normativa de aplicación para a súa participación nunha EBT dependente ou ligada á USC.
3. Os promotores ou promotoras da EBT deberán respectar en todo caso a lexislación vixente relativa ás incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. No caso do PDI seralles de aplicación para a súa participación na EBT a Disposición Adicional 24 da LOMLOU e o art. 18 da Lei da Ciencia, para os efectos de exención do réxime de incompatibilidades.

Os membros da Comunidade Universitaria da USC que participen nunha EBT terá a obriga de informar á USC de calquera circunstancia significativa que poida dar lugar a un conflito de intereses entre a súa actividade na USC e a súa participación na EBT.

## ARTIGO 8.- MEDIDAS DE FOMENTO

1. A USC, a través da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE), dará apoio á Comunidade Universitaria en todas as actividades recollidas no presente regulamento, directamente ou en colaboración con outras entidades e organismos no marco dos programas de creación de empresas que a USC poida establecer. Así mesmo, a USC promoverá o espírito emprendedor entre a Comunidade Universitaria con actuacións formativas concretas e de experiencia profesional
2. A USC establecerá os procedementos para que as EBT poidan utilizar os servizos de apoio en materia de vixilancia e prospectiva tecnolóxicas e propiedade intelectual e industrial, regulándose en cada caso o contrato de prestación de servizos. Así mesmo, asesorará ás EBT para o cumprimento dos requisitos administrativos para a creación de empresas e o cumprimento da normativa do seu ámbito de actividade.

3. A USC promoverá a existencia de acordos e convenios con entidades dedicadas ao apoio de persoas emprendedoras para facilitar a posta en marcha das empresas. Así mesmo realizará acordos con empresas financeiras, de capital risco ou *business angels* para facilitar o acceso ao financiamento ás EBT da USC.
4. A USC, na medida de que os seus orzamentos llo permitan, promoverá servizos propios ou conveniados para a utilización de servizos de incubación de empresas universitarias de base tecnolóxica ou a presenza das EBT nos parques Científico-Tecnolóxicos.
5. A dispoñibilidade e uso dos servizos ofrecidos ás EBT estableceranse no acto da súa aprobación, ou mediante acordo específico no que se determinarán os aspectos relativos aos dereitos e deberes das partes. Este acordo describirá a localización dos espazos, os servizos e locais asignados, o marco temporal de utilización e a contraprestación económica a satisfacer pola EBT, cando non proceda a súa capitalización ou patrimonialización.
6. As condicións de aloxamento dunha EBT no Edificio EMPRENDIA ou en calquera outro espazo de incubación autorizado expresamente para tal fin pola USC regularanse nun acordo específico.

## ARTIGO 9.- PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NAS EBT

Para facilitar a participación nas EBT poderanse utilizar as seguintes medidas de apoio:

1. Concesión polo reitor ou reitora, polo procedemento establecido na USC, do cambio de dedicación completa a parcial dun profesor ou profesora dos corpos docentes universitarios durante un período máximo de cinco anos para a súa incorporación a unha EBT dependente da USC, sempre que o resto da súa dedicación se desenvolva na EBT.
2. Concesión da excedencia conforme o establecido nos art. 83.3 LOU e 17 da LCTI.
3. No marco da presente normativa, a reitora ou reitor, sempre que as necesidades do servizo o permitan, poderá conceder unha licenza ao PDI conforme se estableza na normativa de aplicación para a súa participación nunha EBT da USC.
4. A Universidade poderá autorizar ao persoal investigador a prestación de servizos na EBT, mediante un contrato laboral a tempo parcial e de duración determinada conforme ao artigo 18 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. Esta autorización requirirá a xustificación previa, debidamente motivada, da participación do persoal investigador nunha actuación relacionada coas prioridades científico técnicas establecidas nas estratexias estatal ou galega de ciencia e tecnoloxía



## ARTIGO 10.- CONTRAPRESTACIÓNS A FAVOR DA USC

1. Ademais do cobro de dividendos por participación no capital social, as contraprestacións polo apoio da USC á EBT poderán utilizar algunha ou algunhas destas fórmulas:
  - a) Cobro de compensacións polo uso de tecnoloxía universitaria.
  - b) Cobro polo uso de bens universitarios.
  - c) Contratación preferente da USC para todo tipo de consultaría e realización de traballos de I+D+i.
  - d) Admisión de alumnado en prácticas.
  - e) Posibilidade de realización de traballos académicos e teses doutorais no ámbito da empresa.
  - f) Acordos de mobilidade temporal de persoal universitario e investigadores ou investigadoras en formación.
  - g) Calquera outra que se acorde entre as partes e sexa aprobada polo Consello Social.

## ARTIGO 11.- USO DO SIGNO DISTINTIVO “EBT da USC”

A USC outorgará ás EBT creadas ao amparo do presente regulamento unha licenza -non exclusiva, non licenciante e non transmisíbel- da imaxe corporativa e o signo distintivo “Empresa de Base Tecnolóxica da Universidade de Santiago” ou “EBT da USC” para utilizalos xunto coa súa propia marca ou imaxe corporativa.

A mencionada licenza formalizarase en contrato suscrito ao efecto ou incluírase no Contrato de Transferencia de Tecnoloxía suscrito entre a USC e a EBT.

A USC poderá requirir da EBT, de xeito xustificado e en calquera momento, o cese no uso dos distintivos e imaxe corporativa mencionados. Neste caso, a EBT deberá cesar no seu uso con carácter inmediato.

## ARTIGO 12.- REXISTRO DE EBT

Sen prexuízo doutros posibles rexistros públicos, a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) da USC levará un Rexistro das Empresas de Base Tecnolóxica creadas, no que constará cando menos a participación da USC no seu capital e as persoas designadas no seu nome para participar nos órganos de dirección e xestión da empresa.

## ARTIGO 13.- SEGUIMENTO DAS EMPRESAS

Constituirase unha comisión de coordinación entre UNIXEST e a AVTE para o seguimento das EBT. Dita comisión de coordinación poderá requirir das EBT a documentación necesaria para a vixilancia do cumprimento das obrigas a que fai referencia o presente Regulamento.

UNIXEST determinará, a proposta da comisión de coordinación, o sistema de designación de representantes en empresas, ben mediante un acordo xeral ou un acordo particular para cada empresa. A persoa representante recibirá o asesoramento da comisión para mellor defensa dos intereses da USC.

## ARTIGO 14.- CREACIÓN DE START UP USC

### 1. Apoio á creación da Start Up USC

A USC dará apoio aos proxectos susceptibles de recoñecemento como Start Up USC mediante asesoramento a través das estruturas e programas propios dos que a USC dispoña ou poida establecer en colaboración con outras entidades e organismos.

### 2. Uso do signo distintivo Start Up USC

As persoas emprendedoras solicitarán o recoñecemento da súa empresa como Start Up USC segundo o procedemento que se estableza.

A USC outorgará ás empresas creadas ao abeiro do presente artigo unha licenza non exclusiva, non licenciabile e non transmisibile, da imaxe corporativa e o distintivo “Start Up USC” para utilizalas xunto coa súa propia marca ou imaxe corporativa. A USC poderá requirir da empresa en calquera momento o cese do uso e a imaxe corporativa mencionados. Neste caso a empresa deberá cesar no seu uso de carácter inmediato.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

### PRIMEIRA

Ás empresas xa constituídas coa autorización do Consello de Goberno e Consello Social con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento consideraranse a tódolos efectos do presente regulamento como Empresas de Base Tecnolóxica (EBT) da USC.

### SEGUNDA

Para as empresas xa constituídas que, en aplicación da Disposición Adicional 24 da LOMLOU relativa a Modificación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, desexen regularizar a súa situación como Empresa de Base Tecnolóxica (EBT) da USC, o procedemento será considerado preferente e urxente e realizarase conforme aos seguintes trámites:

- a) Realización da solicitude de cualificación como EBT, con indicación da nova distribución de participacións no capital social da empresa entre os socios e/ou socias e a USC.
- b) Informe sobre o carácter innovador da empresa e demais aspectos recollidos no artigo 2.3 que xustifiquen a súa cualificación como EBT da USC.

- c) Elaboración de informe e proposta de participación da USC, así como proposta de contraprestacións a favor da USC.
- d) Elevación da proposta ao Consello de Goberno a través da Vicerreitoría competente.
- e) Aprobación polo Consello Social.
- f) Aprobación da(s) solicitude(s) de compatibilidade.
- g) Sinatura dos novos acordos coa empresa e realización dos trámites mercantís correspondentes.

#### TERCEIRA

De conformidade coa *Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización* promoveranse iniciativas de emprendemento universitario para acercar a xuventude universitaria ao mundo empresarial. Deste xeito fomentárase a iniciación de proxectos empresariais, facilitando información e axuda ao estudantado, así como promovendo encontros con emprendedores e emprendedoras. Así mesmo, e de conformidade con esta lei, a USC fomentará a creación de miniempresas ou empresas de estudantes.

#### CUARTA

A USC tenderá a que o PDI e PAS adquira competencias e habilidades relativas ao emprendemento, a iniciativa empresarial, a igualdade de oportunidades no entorno empresarial, e a creación e desenvolvemento de empresas, a través da formación inicial ou dos seus programas de Formación de PAS e Formación Permanente de Profesorado.

#### QUINTA

De conformidade co *Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes*, aprobado en Consello de Goberno o 16 de decembro de 2013, a USC fomentará o emprendemento feminino potenciando a creación de empresas dirixidas por mulleres e adoptando as medidas precisas para conseguir resultados de participación das mulleres en consonancia a súa presenza na USC.

#### SEXTA

Facúltase ao Vicerreitor ou Vicerreitora con competencias en transferencia de tecnoloxía para a interpretación das dúbidas que poidan xurdir na aplicación do presente regulamento.

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor na data da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da USC.